



Benqueridas familias do **alumnado de Primaria:**

Nas últimas semanas vimos recibindo mensaxes de moitos de vós preocupados polas merendas dos vosos fillos nas aulas. Isto tiña unha razón de ser, xa que no primeiro protocolo prohibíase expresamente que o alumnado de Primaria estivese nos patios sen máscara, polo que merendar no exterior parecía inviable.

No **último protocolo**, sen embargo, **insítese na importancia da ventilación, potenciándose as merendas no exterior.**

Como xa vos expresamos a algúns, abordar este cambio non resulta doado, xa que hai que ter en conta as distintas quendas de patio, os diferentes espazos (para preservar a distancia entre o alumnado de diversos grupos) e o uso dos aseos mantendo os aforos establecidos.

Non obstante, intentando conciliar todos estes elementos, dende hoxe estamos intentando que todo o alumnado de Primaria merende no exterior. Isto non resulta doado, polo que todos teremos que **aportar o noso gran de area para que este tempo sexa seguro, operativo e proveitoso.**

Por tal motivo pedímosvos ás **familias** un pequeno esforzo, especialmente no caso do alumnado dos niveis máis baixos: enviade ós cativos **merendas saudables e doadas de comer, nunha proporción axeitada á súa idade e ás súas necesidades.**

Sabemos que este curso entraña moitos sacrificios. Pero grazas á colaboración de todos e todas os distintos proxectos van saíndo adiante.

Moitas grazas polo voso apoio e a vosa colaboración.